


ENQUISAS DE SATISFACCIÓN: ESTÁS SATISFEIT@?

Un ano máis, BBVA leva a cabo a **Enquisa de Satisfacción do Empregado**, un proceso que ten por obxectivo coñecer a percepción que ten o traballador ou a traballadora na súa relación laboral con BBVA.

Ao longo destes anos, os resultados da enquisa, aínda que non son trasladados nin ao persoal nin aos seus representantes sindicais, foron malos e demostran que **BBVA necesita mellorar**, se queremos ser “o mellor lugar para traballar”.



Escaseza de persoal, carga excesiva de traballo, prolongacións de xornadas sistemáticas, sistema de retribucións variables imposto e non consensuado, conxelación da achega aos Plans de Pensións, carreira profesional, igualdade de oportunidades entre home e mulleres, conciliación entre vida persoal e laboral.... Son algunhas das condicións de traballo que son necesarias mellorar para avanzar.

E dificilmente pódese avanzar se, para que a foto fixa do grao de satisfacción dos empregados de BBVA mellore, habemos de incluílo como un elemento puntuable máis dentro do sistema de Dirección por Obxectivos, penalizando no incentivo se os resultados da enquisa da túa Oficina, da túa CBC ou a túa Zona non son satisfactorios, tal e como ocorreu o ano pasado.

Isto fai que, nalgunhas DTs, se dean instrucións precisas á cadea de mando, de como e que se debe contestar nas enquisas, para evitar ser penalizado no DOR, o que leva a unha resposta presa, que cambia notablemente a realidade laboral en BBVA.

Por elo é polo que desde **CCOO** queremos facer un chamamento a todo o persoal, para que realice a Enquisa de Satisfacción coa máis absoluta obxectividade e independencia, sen inxerencias nin mensaxes interesados, e trasladar así a imaxe fiel das carencias e necesidades dos traballadores e traballadoras de BBVA.

Dende **CCOO** denunciaremos as malas prácticas que se dean neste proceso e facemos un chamamento a RLL para que tomen as medidas preventivas necesarias para evitar estas intromisións. Non te cales, se o necesitas, contacta co teu delegado ou delegada de **CCOO**.

Outubro de 2015.

Seguimos traballando, seguiremos informando.

CCOO servicios bbva sección sindical

Tel. 91 594 42 36 - 93 634 83 99 - bbvaccOO@servicios.ccoo.es
www.ccoo-servicios.es/bbva/ - tablón sindical en espacio - www.ccoo-servicios.info
<https://www.facebook.com/ccobbva> - <https://twitter.com/ccobbva>
adherida a la **unión network international**